

IES XERMAN ANCOCHEA QUEVEDO

**XORNADA DE ACOLLIDA PARA O
ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN
PRIMARIA**



LUNS, 7 DE XUÑO DE 2021

PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

DATA: Luns, 7 de xuño de 2021.

DESTINATARIOS: alumnado de 6º de Educación Primaria do CEIP Manuel Bermúdez Couso de Trives e do CEIP de Manzaneda.

HORA	ACTIVIDADE
12:00	Recepción no salón de actos do instituto con membros do equipo directivo.
12:15	Charla e documentación no salón de acto do instituto.
12:45	Actividade lúdica: "coñece o instituto".
13:30	Fin da actividade.

¿QUÉ É ESO DA "ESO"?

- A Educación Secundaria Obrigatoria é unha etapa educativa que ten carácter **obligatorio e gratuíto** e constitúe, xunto coa Educación Primaria, a **educación básica**.
- Na Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á **orientación educativa e profesional** do alumnado.
- A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria comprende **dous ciclos**, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo de un. Estes **catro cursos** seguiranse ordinariamente **entre os doce e os dezaseis anos** de idade.
- O segundo ciclo ou cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria terá un carácter fundamentalmente **propedéutico** (de preparación para estudos posteriores de bacharelato ou formación profesional).
- As **materias** do 1º ciclo da ESO son as seguintes:

MATERIAS	HORAS SEMANAIS		
	1º ESO	2º ESO	3º ESO
Bioloxía e Xeoloxía	4	-	2
Cultura clásica	-	-	2*
Educación Física	2	2	2
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	-	2
Física e química	-	3	2
Lingua Castelá e Literatura	4	3	3
Lingua Galega e Literatura	4	3	3
Matemáticas	5	5	4
Música	-	2	2
Primeira Lingua Extranxeira (Inglés)	3	3	3
Relixión ou Valores sociais e cívicos	1	1	1
Segunda Lingua Extranxeira (Francés)	2	2	2*
Tecnoloxía	-	3	2
Xeografía e Historia (sección bilingüe)	3	3	3
Libre configuración do centro	1	1	-
Titoría	1	1	1
TOTAL	32	32	32

*Elixir 1.

- As materias de **Biología e xeoloxía, Xeografía e Historia, e Educación Plástica, Visual e Audiovisual** substitúen ás materias de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Educación Artística, respectivamente, que tedes en Educación Primaria.
- Unha **sección bilingüe** supón organizar unha materia (neste caso Xeografía e Historia) de xeito que se poda impartir en dúas linguas, galego e inglés.
- A hora de **titoría** pretende traballar co alumnado diversos aspectos educativos complementarios como por exemplo:
 - Presentación e acollida do alumnado.
 - Avaliación inicial do alumnado.
 - Participación na organización do centro.
 - Normas de convivencia.
 - Técnicas de estudio.
 - Habilidades sociais.
 - Mellora da convivencia.
- En cada curso hai unha **avaliación inicial** e outras **tres avaliacións**, coincidindo a última delas co final de curso; posteriormente ten lugar outra **avaliación extraordinaria** para o alumnado que non superase tódalas materias na avaliación ordinaria.
- Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e as alumnas realizarán a **avaliación final da educación secundaria obrigatoria**.
- Tódolos anos se convocan premios ao rendemento académico para o alumnado que remata a ESO. A media das cualificacións do alumnado solicitante debe ser igual ou superior a 9 puntos. O alumnado aspirante aos premios extraordinarios deberá realizar un exame que valorará as competencias básicas acadadas.

- No instituto hai un horario para o alumnado da ESO, outro para o alumnado de bacharelato e outro para o alumnado de formación profesional. O **horario semanal** para o alumnado da **ESO** consta de 32 horas distribuídas da maneira seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:30-09:20	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
09:20-10:10	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
10:10-11:00	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
11:00-11:30	RECREO				
11:30-12:20	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
12:20-13:10	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
13:10-14:00	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES	CLASES
14:00-15:30	COMEDOR				
16:20-17:10	CLASES				
17:10-18:00	CLASES				

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DUN CURSO A OUTRO NA ESO

AVALIACIÓN ORDINARIA:

- ⇒ O alumnado que teña todas as materias aprobadas, promociona ao curso seguinte.
- ⇒ O alumnado que teña materias non superadas, terá que facer unha **avaliación extraordinaria**, onde pode superar as materias con avaliación negativa.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

- ⇒ O alumnado que teña **tódalas materias aprobadas**, promociona ao curso seguinte.
- ⇒ O alumnado que teña **1 ou 2 materias suspensas**, pasa ao curso seguinte.
- ⇒ O alumnado que pase de curso con materias pendentes, seguirá un programa de reforzo para recuperar as aprendizaxes non adquiridas.
- ⇒ **Máis de 2 materias** sen superar, **REPITE CURSO**. O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa.

MATRICULA DO ALUMNADO DE 1º ESO.

As datas para formalizar a matrícula os alumnos/as de PRIMEIRO DA ESO serán:

Dende: O día 25 de xuño


Ata: O día 10 de xullo

Horario: de 9:30 a 13:30 horas

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ALUMNADO:

- Impresos e sobre de matrícula cubertos.
- Fotocopia do DNI.
- 2 fotos tamaño carnet actualizadas, co nome e apelido por detrás.
- Fotocopia completa do Libro de Familia, ou documento que acredite a situación familiar actual.

NOTA: os impresos de matrícula serán facilitados na secretaría do instituto.



I.E.S. XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

Avda. Germán Ancochea Quevedo nº 13

32780 A Pobra de Trives. Ourense

Tlfn. e fax: 988 330 302

E-mail: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea/>



Infórmate no Departamento de

Orientación do teu centro.